



PLAN DE TRABALO INGLÉS. 6º DE E. P.

PROFESORA: Irene Luengo.

MATERIAIS:

- Libro dixital EVA- Edixgal.
- Google Classroom.
- Caderno de traballo.
- Extra worksheets, recursos dixitais e outros materiais.
- Xogos.
- Actividades orais.

PLAN DE TRABALO:

Todas as sesións comezarán cun repaso dos contidos previamente adquiridos e/ou correccións das actividades realizadas anteriormente.

Con carácter xeral, en tódalas unidades traballarase de xeito progresivo:

- Comunicación.
- Plurilingüismo.
- Interculturalidade.

As sesións desenvolveranse normalmente de acordo á seguinte estrutura (flexible):

1. Repaso dos contidos do día anterior.
2. Corrección de actividades anteriores.
3. Explicación dos novos conceptos.
4. Traballo da lección.
5. Posta en común.
6. Traballo individual ou grupal.

Para a realización dos traballos, deixarase tempo na clase, debendo concluílas na casa aquel alumnado que non o dea rematado. Tamén poderán levar algún traballo de repaso ou de preparación de exames.

CONTIDOS POR TRIMESTRE:



Os bloques de contidos desta materia son globais, polo que serán traballados nos tres trimestres de xeito gradual.

Ditos contidos traballaranse en tódalas unidades deste curso:

BLOQUES DE CONTIDOS	COMÚNS A TODAS AS UNIDADES
COMUNICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. ▪ Técnicas de aprendizaxe. ▪ O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. ▪ Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. ▪ Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. ▪ Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. ▪ Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. ▪ Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. ▪ Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. ▪ Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). ▪ Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. ▪ Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. ▪ Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. ▪ Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. ▪ Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. ▪ Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. ▪ Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
PLURILINGÜISMO	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. ▪ Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. ▪ Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. ▪ Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
INTERCULTURALIDADE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes. ▪ Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. ▪ Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. ▪ Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. ▪ Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. ▪ Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

A planificación para o traballo do vocabulario e das estruturas gramaticais quedaría da seguinte forma:

1 ST TERM	2 ND TERM	3 RD TERM



<p style="text-align: center;">UNIT 1</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Actividades ao aire libre e de tempo libre. Actividades cotiás.</p> <p>Gramática: Presente simple. Pasado simple. Imperativo. Adverbios de frecuencia. Do you often...? How often...? Does he/she always...?</p> <p>Funcións comunicativas: Descrición de actividades, lugares, hábitos e plans.</p>	<p style="text-align: center;">UNIT 3</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Roupa e accesorios. Froitas e verduras.</p> <p>Gramática: Nomes contables e incontables. Some, any, much... Referencias espaciais: to the right, to the left, between...</p> <p>Funcións comunicativas: Expresión da cantidade e do espazo.</p>	<p style="text-align: center;">UNIT 5</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Profesións.</p> <p>Gramática: There is/There are; There was/There were. What do they do? Can, must, need, have to, may, and might.</p> <p>Funcións comunicativas: Descrición de persoas tendo en conta as distintas profesións.</p>
<p style="text-align: center;">UNIT 2</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Adxectivos descritivos. Materiais.</p> <p>Gramática: Forma comparativa e superlativa do adxectivo. Pasado simple do verbo "to be". Pasado simple dos verbos regulares e irregulares. Expresións de tempo en pasado.</p> <p>Funcións comunicativas: Narración de feitos pasados remotos e recentes.</p>	<p style="text-align: center;">UNIT 4</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Partes de corpo. Enfermidades e expresións relativas á saúde.</p> <p>Gramática: Going to do something. Need and have to. How often?</p> <p>Funcións comunicativas: Expresión do tempo futuro.</p>	<p style="text-align: center;">UNIT 6</p> <p>Léxico de alta frecuencia relativo a: Os ecosistemas. O tempo. Os obxectos para o camping.</p> <p>Gramática: What's the weather...? Presente continuo. Future tenses: will.</p> <p>Funcións comunicativas: Establecemento e mantemento da comunicación.</p>